

O sector literario exige que o uso da intelixencia artificial respecte as autorías

A intelixencia artificial (IA) está mudando os paradigmas na forma de entender o mundo polos cambios que implica nas maneiras de crear, traballar ou mesmo pensar. Neste sentido, nin o sector cultural nin o literario son unha excepción e, ante a necesidade de regular estas novas tecnoloxías, demandan que se respecte a propiedade intelectual das súas obras e que haxa unha remuneración xusta ante o emprego das súas creacións.

Ricardo Suárez 07/feb./25

Nunha época de revolución tecnolóxica continua, a intelixencia artificial (IA) está mudando as dinámicas actuais en case todos os aspectos da vida e, por suposto, nin a cultura en xeral, nin a literatura en concreto, son unha excepción.

Precisamente, a oposición do sector cultural, que demanda pór coto ás tecnolóxicas no seu abuso da propiedade intelectual, obrigou a pasada semana o Ministerio de Cultura a retirar o Real Decreto para regular a intelixencia artificial xenerativa.

Neste sentido, Jorge Corrales, director xeral do Centro Español de Derechos Reprográficos (Cedro), impartiu esta sexta feira no Museo do Pobo Galego, en Compostela, unha conferencia titulada *A Intelixencia Artificial. Retos actuais para a creación cultural*.

Pouco antes de comezar este acto, no que estivo presente *Nós Diario*, Corrales atendeu este xornal. Segundo sinalou, "a propiedade intelectual, os dereitos de autor e a intelixencia artificial son aspectos cruciais no futuro inmediato da cultura escrita".

Ao respecto, explicou, "o actual desenvolvemento dos sistemas de IA e os usos que se derivan disto deixan fóra actualmente un recoñecemento xusto dos dereitos dos autores e das autoras, xa que estas colaboran, sen ningunha dúbida, na xeración de valor que estes modelos achegan". Porén, acrecentou, "as titulares vense rexeitadas do reparto de valor que se produce no emprego destas ferramentas".

"É fundamental que se entendan todos os amplos espectros dos defectos que xeran as novas tecnoloxías e que, independentemente do tipo de cada unha delas, haxa unha máxima no uso de obras nestes produtos que sexa: Autorización, remuneración e transparencia na declaración dos usos", defendeu.

O presidente da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG), Cesáreo Sánchez Iglesias, foi o encargado de introducir o relator, e tamén atendeu *Nós Diario* antes de comezar o acto. "A preocupación da AELG polas lóxicas que ten a intelixencia artificial é que traen dificultades para unha cultura como a nosa se non hai unha lexislación protectora que incorpore

as novas formas de empregar a tecnoloxía dunha forma respectuosa co noso idioma e co noso sistema literario", expuxo.

"Unha cultura como a nosa precisa estar nesta nova maneira de traballo e de ver o mundo, porque a IA crea formas de ver o mundo, mais é determinante que sexa respectada a propiedade intelectual nos fondos cos que hai que prover o software da intelixencia artificial", engadiu.

"Temos que ter en conta que isto pode acabar nas mans das grandes plataformas, de feito é o que ten máis posibilidades de acontecer, sen que teña ningún beneficio para os creadores e as creadoras nin para a cultura", afirmou o presidente da AELG.

Por este motivo, sinalou, "é un momento clave no que nos debemos achegar ao que significa todo o que está a pasar, algo que pode revolucionar as distintas artes e culturas, mais tendo claro que os dereitos de autor, aínda que sexan individualizados, tamén son garantes de que é respectada unha cultura e un idioma, así como de non descapitalizar a creación de maneira que haxa toda unha serie de plataformas que fan negocio".

"A intelixencia artificial é algo que se compra e que se vende, así como os produtos que se elaboran con ela, e non se poden obviar todas as leis que existen sobre propiedade intelectual", acrescentou. Ao respecto, concluíu Sánchez Iglesias, "pedimos que haxa autorización dos autores e das autoras, que haxa unha valoración económica do traballo de aquelas persoas que queiran ceder os seus contidos, e que haxa transparencia na trazabilidade do que se entrega á IA".

A IA no Parlamento

"A IA o que recibe son textos ou outros formatos culturais, e para nós é moi importante que a lexislación que se está a desenvolver actualmente, incluído no Parlamento galego, teña respecto polo noso idioma e polos dereitos da autoría literaria", destacou o presidente da AELG.

Ao respecto, o deputado nacionalista no Parlamento galego, Daniel Castro, salienta a *Nós Diario* que "desde o BNG pedimos a devolución do proxecto de lei de intelixencia artificial da Xunta da Galiza porque consideramos que ten unha serie de eivas que deben ser corrixidas". Neste sentido, afirmou, "os dereitos lingüísticos que recolle son ínfimos".

"Tampouco está garantida a propiedade intelectual, e cremos que é algo que ten que recoller para non quedar ao albor dos algoritmos e do que decidan as tecnolóxicas", sinalou. "Outro aspecto é a participación dos sindicatos e das asociacións en defensa da lingua e das persoas usuarias, que non están recollidas", engadiu. "Hai que democratizar este proxecto", concluíu.

Pola súa parte, o PSdeG presentou esta sexta feira en rolda de prensa 50 emendas parciais á futura lei de IA, xa que considera que o texto "ten moitas carencias e algunhas barbaridades". "Unha oportunidade perdida", dixo a formación.

Tanto a deputada Lara Méndez como o deputado Julio Abalde reduciron esta proposta a un acto de "propaganda" da Xunta para que se converta na primeira norma deste tipo en aprobarse a nivel comunitario, polo que lamentaron que hai "moita présa e pouco traballo detrás". Ademais, Méndez apuntou que só fai unha "mención xenérica" ao galego e "obvia" a propiedade intelectual. Pola súa parte, Abalde sinalou que é "lamentábel" que a Xunta reduza a norma a "regular" o "funcionamento e utilización" da IA "na propia Administración".

Precisamente esta sexta feira, o conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude, José López Campos, inaugurou na Cidade da Cultura, en Compostela, as xornadas *Intelixencia artificial: novas*

posibilidades para as bibliotecas. Neste contexto, abordou o Proxecto Nós, impulsado coa Universidade de Santiago de Compostela (USC).

Unha iniciativa que, dixo, considera fundamental para promover a presenza dixital do galego. O seu obxectivo é, salientou, crear os recursos dixitais e lingüísticos necesarios para facilitar o desenvolvemento de aplicacións baseadas en IA e tecnoloxías da linguaxe tales como asistentes de voz, tradutores automáticos e axentes conversacionais en lingua galega.

O conselleiro tamén destacou "a necesidade de promover a formación especializada dos técnicos das bibliotecas da Galiza neste eido para fomentar un uso responsábel da IA", xa que, dixo, "é unha realidade que a intelixencia artificial está a transformar o servizos bibliotecarios, o acceso á información, a xestión documental ou a catalogación".

As empresas apostan por investir en IA e tecnoloxía

O Círculo de Empresarios de Galicia presentou esta sexta feira os resultados da *Enquisa Empresarial Círculo 2024*. Miguel Iraburu, presidente do grupo de traballo encargado da sondaxe, acompañado da presidenta da institución, María Borrás, e de Marcelino Otero, coordinador do Foro de Enerxía, foi quen debullou este estudo. Neste sentido, sinalou que 23,2% das empresas destacan a implantación da IA entre os factores internos que melloran a súa produtividade. Por outra parte, á pregunta sobre o impacto que a intelixencia artificial terá na forma en que cada compañía crea e achega valor engadido, 89,1% consideran que aumentaría a eficiencia no traballo e 70,7% que reduciría os custos de produción. Ademais, 71,6% das firmas entenden que a IA aumentaría a competitividade no seu sector e 65% que axudaría a diversificar os seus mercados e a mellorar a súa oferta.

A tecnoloxía avanza na produción de Stellantis

Neste sentido, a automobilística Stellantis, cuxa principal factoría a nivel estatal está en Vigo, reforzou a súa colaboración con Mistral AI para integrar a intelixencia artificial en múltiples áreas co fin de mellorar o desenvolvemento e a fabricación dos vehículos, así como para aplicala sobre a experiencia final na conducción. "Esta asociación aproveita a experiencia de Mistral AI en modelos de linguaxe extensos (LLM) e automatización impulsada por IA para levar a intelixencia artificial a moitos sistemas e aplicacións en toda a empresa Stellantis", sinalou a multinacional. Alén diso, a compañía tamén destacou o papel que terá esta tecnoloxía "mellorando a análise de datos, axilizando o desenvolvemento e mellorando a interacción co cliente".